

RESOLUCIÓN do 30 de decembro de 2025 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para a execución de accións de promoción exterior das empresas galegas (Galicia Exporta Empresas 2026), cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026. Instituto Galego de Promoción Económica (DOG N° 10, 16/01/2026)

Obxecto

O obxecto destas axudas é apoiar e incentivar accións de promoción exterior que melloren a competitividade das empresas galegas e reforcen a súa presenza nos mercados internacionais.

Estas axudas tramitaranse polo réxime de **concorrenza non competitiva**.

O código de procedemento é **IG622A**

Persoas beneficiarias

Poderán ser persoas beneficiarias das axudas reguladas nestas bases as empresas e autónomos con centro de traballo en Galicia, con alomenos 1 traballador por conta allea.

Tamén deberán estar de alta en programas avanzados do Igape de apoio á internacionalización cun informe positivo.

Gastos subvencionables

Custos directos:

- Accións de promoción internacional:** alugueiro de espazos e/ou stand, entradas, montaxe e desmontaxe de stand, gastos de envío de mostras sen valor comercial e catálogos, gastos de asistencia externa en destino e organización de axendas, gastos de intérpretes, gastos de viaxe e aloxamento.
 - Participación como expositor en feiras
 - Participación activa noutros eventos expositivos de carácter internacional.
 - Misións comerciais directas
 - Misións comerciais inversas
- Competitividade internacional:** compra de espazos publicitarios e inserción de anuncios en papel ou dixitais en medios de comunicación ou en catálogos, gastos de elaboración de catálogos, servizos de consultoría para a elaboración de documentos destinados a descubrir novos mercados internacionais, gastos de consultoría para accións de seguemento de contactos ou clientes existentes no extranxeiro, gastos de asistencia para a xestión de acordos comerciais internacionais, servizos de tradución de documentación.
- Internacionalización dixital e e-commerce:** creación de novas tendas en liña ou adaptación das existentes para promover a venda en mercados internacionais, creación e adaptación de catálogos en liña para o marketing tanto B2B como B2C, campañas de inbound marketing internacional, solucións de analítica e visualización de datos para elaborar cadros de mando con KPI.

Custos indirectos: tipo fixo do 7% sobre os custos directos subvencionables.

Contía das axudas

A contía das axudas será a suma de:

- 70% dos custos directos subvencionables (mínimo 3.500 €)
- 100% dos custos indirectos.

Límites das axudas:

Acción	Importe máximo por acción	Importe total máximo por empresa
Promoción internacional	100.000 €	150.000 €
Competitividade internacional	conxuntamente	
Dixitalización para a internacionalización	50.000 €	

Réxime de *minimis*

As axudas financeiras que se concedan ao abeiro destas bases terán a consideración de axuda *de minimis*.

Prazo de execución

O prazo de execución **comezará o 1 de xaneiro de 2026**. O proxecto obxecto da axuda non poderá estar completamente executado (data da última factura) no momento de presentar a solicitude.

Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para a presentación de solicitudes estará aberto dende o **26 de xaneiro ata o 30 de setembro de 2026**.